

O pasado 20 de xuño, con motivo do Día Mundial das Persoas Refuxiadas, a Rede Galega de Apoio ás Persoas Refuxiadas sumábase a distintas organizacións e colectivos sociais de todo o estado para denunciar a difícil situación que viven millóns de persoas refuxiadas no mundo, así como as causas que lles obrigan a deixar o seu fogar.

Como sabedes, estes días houbo varios ataques á exposición, e gran parte da mesma tivo que ser feita de novo. Moitas organizacións, partidos políticos, asociación e cidadáns manifestaron a súa repulsa a estes feitos. E aquí estamos hoxe, non deixando que ninguén empane esta homenaxe e este recoñecemento como sociedade.

Para algúns dos que tivemos xa a oportunidade de visitar a exposición que hoxe se inaugura, o paseo entre os paneis que recollen a morte de máis de 45.000 persoas supuxo unha experiencia conmovedora, que non pode deixar de recordar aos moitos memoriais que se teñen realizado polas vítimas do holocausto nazi. O recoñecemento institucional desas mortes violentas é, sen dúbida, un pequeno acto de xustiza, como tamén o é de recoñecemento da responsabilidade que temos para con cada unha desas persoas, as súas familias e os pobos que as perderon.

A diferenza, angustiada, con aquelas vítimas do horror nazi é que, neste caso, as mortes continúan, e a nosa responsabilidade, tamén.

Cómpre, por tanto, aclarar maximamente cales son as causas que provocaron e seguen a provocar esas mortes, as persoas e institucións que están detrás e, especialmente, as medidas que podemos tomar para evitar que continúen. O contrario estaría máis cerca dun acto de lavado de conciencia, ou mesmo, dun hipócrita lavado de imaxe, que quizais sería mellor non facer.

Sen dúbida, son diversas as causas que poden levar a una persoa a arriscar a súa vida para vir ao noso país, pero cando van xa décadas de traxedia e millóns de persoas refuxiadas, somos bastante conscientes daquelas causas que teñen máis forza.

As persoas migrantes e refuxiadas que chegan ao noso país veñen habitualmente de zonas ricas en recursos naturais: petróleo, gas, peixe, cobre e madeira, entre outros. Son recursos que usamos a diario os que estamos aquí, e son explotados, moitas veces, por empresas galegas, ou por outras do resto de España. Nesas empresas traballan tamén moitos galegos, que reciben delas un salario, e desas empresas saen parte dos impostos cos que pagamos todo tipo de servizos, e mesmo a exposición que inauguramos hoxe.

Máis aínda, deses países sae a súa riqueza fundamental, a das persoas que escapan, e que poñen as súas capacidades ao servizo da nosa sociedade ... Alguén imaxina como tería sido a pandemia aquí sen o persoal sanitario ou dos servizos esenciais que vén doutros países?

Está bastante claro que, aínda que o maior beneficio económico das migración acaba nunhas poucas mans de grandes accionistas, toda a sociedade galega e a do resto de España, nos beneficiamos dunha inxusta relación de poder. Desde hai, cando menos, cinco séculos.

Máis aínda, a traxedia da inmigración está a ser convertida, polas políticas migratorias da UE e do Goberno español, nunha nova industria, a da seguridade das fronteiras, na que só en España se moven en torno a 1.000 millóns de euros anuais.

Son moitas máis as causas, pero aquí están probablemente as máis importantes, as que as nosas políticas non afrontan porque afectan á nosa riqueza, e á riqueza dos grandes poderes.

Pero as mortes seguen, e non é concibible volver aquí, dentro de 5 anos, a facer unha nova exposición que ocupe o dobre de paneis. Cómpre mudar as políticas que causan as migracións, como cómpre tamén mudar as políticas de estranxeiría mentres as migracións continúan.

A experiencia da pandemia está a supor un punto e aparte nas nosas vidas e unha percepción diferente da realidade. Solidarizámonos con todas as persoas que a teñen sufrido de preto e con todas aquelas que faleceron. Se algo sabemos é que este virus non coñece fronteiras xeográficas pero, sen dúbida, ten efectos máis graves en persoas en situación de vulnerabilidade. No caso das persoas desprazadas, migrantes, solicitantes de asilo e/ou refuxiadas, á dificultade de acceder aos dereitos básicos e a unha vida digna, súmase o confinamento en lugares e condicións que non garanten a prevención e a asistencia médica necesaria para afrontar a pandemia. Vivimos tempos en que somos máis conscientes que nunca, da necesidade de refuxio ante a COVID-19. Para quen está lonxe do seu fogar, falamos da necesidade de atopar un dobre refuxio.

O coronavirus ten unha expansión global, polo que a resposta tamén debe selo. Isto implica o compromiso de apoio aos países que carecen de medios suficientes de prevención e resposta, especialmente aos que están acollendo a un maior número de persoas refuxiadas. Non podemos permitir que os dereitos das persoas migrantes e refuxiadas sigan véndose vulnerados. Reflexionemos tamén por que estes países se atopan nesta situación.

Por todo o anterior:

- Denunciamos a externalización das fronteiras, que se faga negocio con elas para as industrias de armamento e seguridade, e se financie a terceiros países para que actúen como porteiros da UE. Avergóñanos dunha UE acusada pola Corte Penal Internacional en La Haya de crimes de lesa humanidade pola súa política de refuxio.
- Denunciamos que se trate de abandonar, deter e criminalizar a quen exerce o dereito a migrar e a tratar de construír unha vida digna. En particular, denunciamos as “devolucións en quente” de moitos dos que conseguen atravesar as fronteiras, aos que se lles nega a posibilidade de solicitar asilo, a asistencia xurídica e a protección a menores e vítimas de trata entre outros.
- Esiximos que se cumpra a legalidade europea e internacional e habilitar vías legais e seguras para que as persoas refuxiadas non teñan que arriscar a súa vida en perigosas rutas, prestando especial atención á violencia sexual e de xénero e á exercida sobre menores e persoas con discapacidade.
- Esiximos un novo Pacto Europeo para a Migración e o Asilo baseado na responsabilidade compartida de tódolos Estados membro, no que se garanta unha acollida baseada no respecto aos Dereitos Humanos habilitando os orzamentos e recursos que requiren os actuais desafíos.
- Esiximos un compromiso por parte do conxunto de actores políticos e sociais en contra de bulos, mensaxes xenófobas ou discriminatorias cara a poboación migrante e refuxiada.

- É fundamental dar continuidade á igualdade de acceso e non discriminación na atención a tratamentos sanitarios, e que non se poida comprometer o dereito á vida baixo ningunha circunstancia.
- Esiximos garantías de acceso ao traballo digno e garantías de acceso inmediato ao ingreso mínimo vital para os grupos máis vulnerables. O ingreso mínimo vital debe asegurar que cubre ás vítimas de trata, solicitantes de asilo e, en xeral, a familias e persoas migrantes, independentemente da súa situación administrativa.

Pero, sobre todo, débense multiplicar as accións políticas para que desaparezan as causas que obrigan ás persoas a fuxir dos seus países. Urxe unha actuación decidida e real a favor da democracia e para acabar coa pobreza e as grandes desigualdades sociais existentes no mundo.

Compostela, 24 de xuño de 2021

Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas